

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 4 DE NOVEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano da Coruña para o período 2025-2028, por importe anual de tres millóns catrocentos trinta e seis mil euros con vinte e sete céntimos (3.436.000,27 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, para o período 2025 – 2028, por importe anual dun millón trescentos vinte e sete mil trescentos cinco euros con sesenta e sete céntimos (1.327.305,67 €).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Lugo para o período 2025-2028, por importe anual de setenta e nove mil cento catorce euros con trinta e sete céntimos (79.114,37€).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago para o período 2025-2028, por importe anual de un millón cincocentos vinte e tres mil cincocentos trinta e tres euros con vinte e catro céntimos (1.523.533,24 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha da Escola Galega da Auga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o equipamento en innovación educativa e para unha plataforma de compartición de equipamento científico-técnico de Galicia, por un importe total de nove millóns trescentos corenta e nove mil novecentos un euros con corenta e seis céntimos (9.349.901,46 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, do procedemento de concesión de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes do sector servizos (programa Bono Enerxía Peme).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na Área de Vigo da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 polo procedemento aberto e tramitación ordinaria por importe de doce millóns cincocentos sesenta mil corenta e oito euros con vinte e tres céntimos (12.560.048,23 €) e un valor estimado de dezaioito millóns oitocentos corenta mil setenta e dous euros con trinta e cinco céntimos (18.840.072,35 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se aproba o Plan Galego de Reprodución Humana Asistida.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, a salas de artes escénicas de titularidade privada e se convocan para o ano 2025 por importe de douscentos quince mil euros (215.000,00 €) e tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B ou C, competencia deste departamento, ou de formación no traballo do Catálogo de especialidades formativas do servizo público de emprego estatal correspondentes aos exercicios 2024 e 2025; por un importe total de dez millóns sesenta mil euros (10.060.000,00 €)

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de Economía Azul de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre os medios enviados dende Galicia para axudar a paliar os danos ocasionados pola DINA en Valencia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a programación especial da Xunta de Galicia con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG na zona leste da ATM de Santiago.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre Estratexia Galega Reduce Radón.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe das axudas concedidas para o fomento da comercialización da artesanía galega e a transformación dixital, innovación e modernización do sector artesanal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas á investimentos en materia de bioseguridade para os centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando vivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA OS CONVENIOS DAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA, FERROL, LUGO E SANTIAGO CUN INVESTIMENTO DE 5 M€ AO ANO

- Dáselle así continuidade aos acordos asinados en 2020 e que supoñen bonificacións e vantaxes para as persoas usuarias de 55 concellos da contorna destas cidades
- A través da medida, o Goberno galego contribúe co 80 % da bonificación no traxecto principal, así como ao financiamento do 100 % nos transbordos e outros descontos adicionais

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2024. O Consello da A Xunta aprobou hoxe os proxectos de acordo polos que se autorizan as sinaturas das prórrogas dos convenios de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na áreas da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela e Lugo cun investimento autonómico de 5 millóns de euros ao ano. A medida garante o mantemento das bonificacións nas tarifas do autobús metropolitano aos viaxeiros de 55 concellos das áreas das catro cidades. As prórrogas establécense por catro anos, para o período 2025-2028. Con todo, prevese a súa finalización cando se implante a Área de Transporte de Galicia.

Deste xeito dáselle continuidade aos acordos de fomento do transporte público asinados en 2020 e que supoñen importantes aforros económicos para as persoas usuarias. Así, nas viaxes metropolitanas a Xunta contribúe co 80 % da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20 % restante. Por riba disto, o Goberno galego financia a bonificación do 100 % dos transbordos e os descontos adicionais que se aplican a usuarios habituais (dun 15 %) e a membros das familias numerosas (dun 20 % ou 50 % segundo sexan de categoría xeral ou especial).

As prórrogas dos convenios establecen as estimacións das achegas económicas anuais de cada administración, empregando como referencia os custos en 2023 xunto coa evolución do uso dos servizos no primeiro semestre de 2024.

O pasado ano, no conxunto das áreas de transporte metropolitano da Coruña, Ferrol, Lugo e Santiago realizáronse case 10,9 millóns de viaxes bonificadas coa aplicación dos convenios, que supuxeron un aforro para os usuarios de 5 millóns de euros. De xaneiro a xuño de 2024 a demanda incrementouse un 18 % con respecto ao primeiro semestre do ano anterior. O maior crecemento rexistrouse na Área de Transporte Metropolitano (ATM) de Lugo, cun 35 % máis de viaxes bonificadas, seguida da de Santiago, cun 26 % máis. Nas ATM de Ferrol e da Coruña, o aumento da demanda no primeiro semestre de 2014 foi dun 18 % e dun 14 %, respectivamente.

Investimento por áreas

En canto ao investimento, na Área de Transporte Metropolitano da Coruña, a Xunta vai destinar máis de 2,8 millóns de euros ao ano para financiar os descontos e bonificacións. Os 17 concellos que forman parte do convenio - A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, A Laracha, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada - farán unha achega en conxunto de 625.000 euros ao ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, o investimento da Xunta será de 887.000 euros, mentres os 11 concellos que forman parte - Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Miño, Mugar dos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño – achegarán 440.000 euros.

Na Área de Lugo, a Xunta investirá 62.000 euros na política tarifaria do transporte metropolitano. Pola súa banda, os nove concellos integrados na ATM – Baleira, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Rábade – destinarán 17.000 euros.

Na Área de Transporte Metropolitano de Santiago, a Xunta achegará máis de 1,2 millóns de euros ao ano. Entre os 18 concellos asinantes do convenio - Ames, A Baña, Boqueixón, Brión, A Estrada, Negreira, Ordes, Oroso, Padrón, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces – o financiamento será de 288.000 euros.

Deste xeito, no conxunto das catro áreas de transporte metropolitano, o investimento total anual será de 6,37 millóns de euros, dos cales 1,37 corresponden aos concellos e os 5 restantes á Xunta.

As prórrogas dos catro convenios formalizaranse coa sinatura do acordo por parte da Xunta e os concellos nas respectivas comisións de seguimento antes de que finalice o mes de novembro.

Aposta polo transporte público

A iniciativa enmárcase na aposta da Xunta polo fomento entre a cidadanía do transporte público, ao que destina case 103 millóns de euros só nos orzamentos de 2025. Así, a maiores das bonificacións incluídas nos acordos das ATM, o Goberno galego lanzou medidas específicas para facilitarlles o uso do transporte a colectivos específicos, como menores de 21 anos coa Tarxeta Xente Nova e maiores de 65 coa Tarifa +65, entre outras actuacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA A ESCOLA DA AUGA CO OBXECTIVO DE OFRECER FORMACIÓN ESPECIALIZADA A 350 PROFESIONAIS E OPTIMIZAR A XESTIÓN INTEGRAL DOS RECURSOS HÍDRICOS

- O Consello toma razón dun informe de Augas de Galicia sobre os principais retos e o calendario de pasos a seguir na activación desta nova iniciativa formativa, dirixida tanto a técnicos e funcionarios municipais como a persoal do sector privado
- A idea é combinar contidos teóricos e casos prácticos, programar cursos e xornadas con diferentes duracións e modalidades para facilitar a participación e escoller un equipo docente que destaque pola súa cualificación, experiencia e perfil pedagóxico
- Incidirase de forma especial na preparación dos xestores ante os efectos do cambio climático nos sistemas hídricos e no deseño de estratexias que melloren a resiliencia e a capacidade de mitigación dos territorios fronte a eventos adversos extremos
- Cun orzamento para o ano que vén de 100.000 €, esta iniciativa pioneira aspira a consolidar a posición de vangarda de Galicia a nivel nacional, no marco da súa aposta pola profesionalización e a mellora continua da xestión do ciclo integral da auga

A Xunta pon en marcha a Escola Galega da Auga, unha iniciativa pioneira que terá o dobre obxectivo de impartir formación especializada e gratuíta aos profesionais galegos que traballan neste eido e mellorar a calidade da xestión integral dos recursos hídricos a nivel local pola vía da profesionalización e da capacitación continua do sector.

A intención é formar só o vindeiro ano a uns 350 profesionais, o que representa preto da metade de todo o persoal relacionado coa xestión da auga que traballa na comunidade e que se calcula nunhas 700 persoas. Deste xeito, tal e como se recolle no informe do que tomou razón hoxe o Consello, Augas de Galicia ofrecerá a posibilidade de mellorar a súa cualificación a técnicos municipais e funcionarios que traballan neste eido así como a persoal de empresas concesionarias da auga, consultoras e enxeñarías, responsables de garantir o uso sustentable, racional e eficiente dun ben limitado e moi valioso.

A formación, que será teórica e práctica, versará sobre a xestión integral dos recursos hídricos, a actualización de coñecementos sobre a normativa de augas autonómica, estatal e europea, e a busca de solucións sustentables. Desta forma, os participantes poderán enfrontarse a situacións reais e desenvolver actuacións innovadoras.

Así, fortalecerase a súa capacidade de análise e de toma de decisións no eido da xestión; promoverase o intercambio de coñecementos e experiencias sobre posibles problemas e solucións específicas de éxito; potenciarase a súa capacidade de adaptación aos cambios lexislativos e ás novas políticas en materia de augas; e, de forma especial, prepararase ao sector para os retos de adaptación e mitigación ligados ao cambio climático.

Neste sentido e dada a vulnerabilidade dos recursos hídricos fronte a este fenómeno, un dos grandes retos da futura Escola Galega da Auga será preparar aos participantes para implementar estratexias de resiliencia e mitigación dos riscos asociados ao quecemento global, asegurando así que os futuros xestores e técnicos contén coas ferramentas necesarias para afrontar eventos climáticos extremos e os seus efectos neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para garantir que a formación sexa axeitada e especializada, o equipo docente será escollido entre persoal altamente cualificado, tanto pola súa experiencia na xestión da auga como polas súas habilidades pedagóxicas. Ademais, garantirase a homologación dos certificados de aproveitamento de todos os cursos para que sexan recoñecidos oficialmente e poidan ser valorados no ámbito profesional e administrativo.

Así mesmo, a formación adaptarase á dispoñibilidade dos participantes, garantindo a máxima flexibilidade. Haberá cursos trimestrais, semestrais e anuais en función da materia, pero tamén intensivos de só un día ou xornadas sobre temas específicos, co fin de chegar a todos os perfís e circunstancias; alternarase a teleformación cos cursos presenciais e as modalidades híbridas; e establecerase un sistema de seguimento e de mellora continua baseada na avaliación dos resultados e nas opinións tanto de participantes como de docentes.

Aposta pola profesionalización

O Goberno galego destinará 100.000 euros a poñer en marcha esta iniciativa pioneira na Comunidade e coa que a Xunta aspira a consolidar a posición de vangarda de Galicia a nivel nacional no marco da súa aposta decidida pola profesionalización da xestión dos recursos hídricos e a súa mellora continua.

Deste xeito, espérase que tras o seu paso pola Escola da Auga os asistentes se convertan en axentes de cambio nas súas respectivas localidades e zonas de actuación, liderando iniciativas que favorezan a conservación e o uso sustentable dos recursos hídricos.

Con tal fin, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través do organismo hidráulico Augas de Galicia, deseñou un calendario de fitos a seguir co obxectivo de que a impartición efectiva de cursos poida empezar a comezos do vindeiro ano. Como primeiro paso e para garantir que a Escola ofrezca unha formación relevante, moderna e adaptada ás necesidades reais dos profesionais do sector hídrico na comunidade, levarase a cabo un proceso previo de identificación de necesidades formativas.

Para iso, nas próximas semanas realizaranse unha serie de enquisas e entrevistas persoais aos destinatarios potenciais dos cursos sobre o seu nivel de coñecementos, as modalidades de aprendizaxe de preferencia ou as áreas concretas nas que consideran que precisan mellorar e ampliar formación.

Tamén se colaborará con entidades de xestión da auga e coas universidades para obter unha visión precisa dos desafíos actuais que afronta Galicia en materia de augas, dos aspectos formativos clave e das tendencias e normativas neste eido para identificar que coñecementos serán esenciais nos vindeiros anos, investigando en especial o impacto do cambio climático sobre os recursos hídricos e fenómenos asociados ao mesmo como, por exemplo, os episodios de seca ou as inundacións.

A partir do resultado deste proceso previo, deseñarase o contido dos programas formativos e as metodoloxías a seguir para a continuación pasar a darlles difusión así como aos obxectivos e filosofía da propia Escola Galega da Auga. Con tal fin, prevese

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

facen campañas de promoción e xornadas para lograr chegar ao maior número de colectivos e profesionais posible e fomentar deste xeito a súa participación.

Por último, cómpre lembrar que o impulso desta iniciativa se enmarca no orzamento de Augas de Galicia para o vindeiro ano, que sobe preto dun 5 %, ata chegar aos 144 millóns de euros, e que se destinarán principalmente a seguir optimizando o saneamento e o abastecemento coa mellora de infraestruturas, á formación e divulgación e á execución de políticas activas de resposta ante o cambio climático.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 9,3 M€ AO REFORZO DO EQUIPAMENTO DE INVESTIGACIÓN E DE INNOVACIÓN DAS UNIVERSIDADES, QUE SE COMPARTIRÁ A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA

- Co obxectivo de mellorar os recursos innovadores destinados aos estudos de grao e mestrado, adquiriranse licenzas de software, simuladores ou equipos informáticos
- Así mesmo, dotarase aos centros de investigación e servizos centrais de material para facilitar a súa actividade, incluído equipamento altamente especializado
- Búscase avanzar nunha estratexia que permita a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema Universitario de Galicia
- Este será, precisamente, un dos obxectivos do futuro Plan galego de investigación e innovación, que busca a coordinación dos axentes e recursos do sistema de I+D+i

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e as universidades de Santiago de Compostela (USC), de Vigo (UVigo) e da Coruña (UDC) para reforzar o seu equipamento científico e de innovación educativa. O Goberno galego destinará máis de 9,3 M€ a esta nova liña de actuación, dos que 3,9 M€ serán para a USC, 3 M€ para a UVigo e 2,4 M para a UDC.

Así mesmo, ao abeiro deste acordo crearase por primeira vez unha plataforma para compartir o seu equipamento científico-técnico, o que na práctica se traducirá nun mellor aproveitamento de sinerxías para un maior impacto dos proxectos de innovación e investigación que desenvolven. Isto é, a través desta plataforma, os centros de investigación poderán intercambiar recursos, o que redundará nun maior acceso a todo tipo de materiais para os diferentes axentes investigadores. O obxectivo final é avanzar nunha estratexia que permita a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor.

Este será, precisamente, un dos obxectivos do futuro Plan galego de investigación e innovación 2025-2027 que está a preparar a Xunta, e que busca a coordinación dos membros do sistema de I+D+i e dos recursos dispoñibles, así como acadar unha maior eficiencia e impacto das accións impulsadas desde a Administración para o impulso da investigación, a transferencia, a valorización e a innovación en Galicia.

Equipamento e recursos dixitais

O primeiro bloque do acordo céntrase no reforzo dos recursos innovadores destinados aos estudos de grao e mestrado. Trátase, en concreto, da adquisición de equipamento científico e instrumentación avanzada, acondicionamento e dixitalización de espazos educativos, acceso a recursos dixitais e a conformación de plataformas de coñecemento e divulgación que permitan aos estudantes e docentes manterse á fronte do desenvolvemento tecnolóxico e adquirir as competencias necesarias a través dos seus estudos universitarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Isto traducirase no acceso a licenzas de software, recursos bibliográficos, plataformas de coñecemento, así como á adquisición de equipos informáticos, simuladores ou material de todo tipo para os laboratorios dos estudos de grao e máster.

Inclúese, tamén, equipamento e infraestruturas con destino aos tres Campus de Especialización acreditados pola Xunta de Galicia (Campus Industrial de Ferrol, Campus Terra de Lugo e Campus Auga de Ourense), que representarán un punto chave polo seu impacto no desenvolvemento das potencialidades económicas do seu entorno máis próximo.

Consolidación e cooperación dos centros de investigación

O segundo bloque do acordo centra os seus esforzos no fortalecemento das infraestruturas dos servizos centrais, así coma na consolidación do equipamento dos centros da Rede CIGUS, que agrupa os mellores centros de investigación universitaria de Galicia, coa finalidade de maximizar o impacto das súas actividades de investigación e innovación, ao mesmo tempo, que se impulsa o uso compartido e racional das infraestruturas científico-técnicas de Galicia.

Neste apartado, os gastos subvencionables refírense a instalacións, recursos e servizos afíns utilizados pola comunidade científica para levar a cabo investigacións nos seus ámbitos de coñecemento. Trátase de equipamento altamente especializado como sistemas purificadores de auga ultrapura ou de ácidos nucleicos, robots intelixentes, equipos de microcorte de alta precisión, unidades de magnetosusceptibilidade, de raios X ou de resonancia magnética, espectrómetros de varios tipos, cabinas de seguridade biolóxica, sistemas láser de distintas características, antenas intelixentes ou equipos de mostraxe mariña, entre outros.

A adquisición deste equipamento científico e técnico permitirá a execución de proxectos de investigación de calidade, que mellore os resultados e impacto económico e social dos mesmos, así como para o propio funcionamento e mellora dos servizos comúns de investigación e das infraestruturas de investigación existentes, priorizándose o equipamento de última xeración que é necesario para acadar a excelencia na investigación.

Ademais, facilitarase compartir o equipamento científico-técnico con outros centros da Rede CIGUS, centros colaborativos ou centros tecnolóxicos, sen custo e baixo petición. Durante o período no que o material estea compartido, haberá un técnico a disposición para facilitar o uso do mesmo.

Para iso, habilitarase un espazo no web da Rede CIGUS no que os centros de investigación poderán detallar o seu equipamento, cunha pequena descrición e un contacto para que poida solicitar o seu préstamo temporal tanto outros centros de investigación como os centros tecnolóxicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 600 PEMES E AUTÓNOMOS PODERÁN MELLORAR AS SÚAS INSTALACIÓNS ENERXÉTICAS GRACIAS A UNHA NOVA EDICIÓN DO BONO ENERXÍA PEME AO QUE A XUNTA DESTINA 2,5 MILLÓNS DE EUROS

- As axudas favorecerán a mobilización directa de máis de 6 M€, unha redución de emisións equivalente a plantar 42.800 árbores e a creación ou mantemento de preto de 50 empregos
- Con esta liña de apoios, a Administración autonómica leva investidos en cinco anos máis de 13 M€ cos que se teñen realizado 3.100 actuacións de eficiencia e aforro de enerxía

O Consello da Xunta tomou razón esta mañá das bases que van rexer a nova convocatoria do Bono Enerxía Peme, que en 2025 contará cun orzamento de 2,5 M€. O obxectivo é apoiar a máis de 600 autónomos e pemes do sector servicios para que poidan mellorar os seus negocios e reducir a factura eléctrica.

A Consellería de Economía e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), saca adiante a quinta convocatoria dunha orde de axudas que subvenciona os custes de asesoramento enerxético profesional, a mellora da envolvente, da iluminación, das instalacións eléctricas, o equipamento, a climatización e as instalacións inmóticas para xestionar a enerxía e o gasto de xeito máis eficiente. En definitiva, para impulsar a eficiencia das empresas do sector neste ámbito.

Con esta nova edición, o Goberno galego prevé unha mobilización de máis de 6 millóns de euros, aforros nas facturas enerxéticas anuais de 2.800 MW/h e a redución de emisións de 850 toneladas de CO₂ ao ano, o equivalente a plantar 42.800 árbores, así como tamén a creación ou mantemento de 49 postos de traballo.

O investimento mínimo para poder acceder a esta axudas é de 1.000 euros e a intensidade do apoio será do 80 % ata un máximo de 6.000 euros por centro de traballo. E, no caso de que a solicitude se faga exclusivamente para poder recibir asesoramento enerxético, é dicir, tanto diagnoses como auditorías enerxéticas co obxectivo de que os beneficiarios contén cunha visión profesional para identificar posibilidades de optimización do seu consumo e de adecuación da contratación das súas subministracións enerxéticas ao escenario actual, o investimento mínimo por solicitude establécese en 200 euros (sen IVE). A orde tamén contempla a posibilidade de que os solicitantes pidan un anticipo de ata o 50 % da axuda sen necesidade de presentar avais.

Con esta será a quinta edición dun programa de axudas que permitiu impulsar máis de 3.100 actuacións cun orzamento que xa supera os 13 M€. Unha iniciativa do Goberno galego para concienciar a sociedade da importancia do aforro e a eficiencia enerxética pero tamén para diminuír o consumo de enerxía, reducir a factura eléctrica de pemes e autónomos aumentando a súa competitividade. En definitiva, avanzar cara á descarbonización e a redución da dependencia enerxética dos combustibles fósiles.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE DO 061 NA ÁREA DE VIGO

- O contrato para prestar servizos nos concellos de Vigo, Cangas e Moaña licitarse por un período de dous anos, coa posibilidade de prorrogarse por un ano máis, acadando así un valor estimado de 18,8 M€
- Incrementará os recursos da rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061 coa incorporación dunha ambulancia de soporte vital avanzado de enfermería en Moaña e unha ambulancia de soporte vital básico en Vigo
- Permitirá que todas as ambulancias de soporte vital avanzado dispoñan de novos recursos de electromedicina como bioanalizadores de sangue, ecógrafos, padiolas semieléctricas e monitores con capacidade de transmisión de datos
- Con esta licitación a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 finaliza a renovación de todos os contratos do servizo de transporte sanitario urxente na comunidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 na Área de Vigo, que inclúe os concellos de Vigo, Cangas e Moaña.

O contrato sairá a licitación cun importe de 12.560.048,23 euros por un período de dous anos, prevéndose a posibilidade de prórroga por un período máximo de un ano. Dese xeito, o valor estimado do contrato ascende a 18.840.072,35 €.

A contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na Área de Vigo supón un importante incremento dos recursos da rede de transporte sanitario urxente da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 coa incorporación dunha ambulancia de soporte vital avanzado de enfermería, que se situará en Moaña, e dunha ambulancia de soporte vital básico na cidade de Vigo.

Esta licitación permitirá á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 finalizar a renovación de todos os contratos do servizo de transporte sanitario urxente na Comunidade.

Deste xeito, a Xunta trata de axilizar a contratación deste servizo esencial para seguir a cumprir co seu compromiso coa eficacia, eficiencia e calidade desta actividade sanitaria asistencial cara á poboación galega.

Actualmente, Vigo dispón de dúas ambulancias de soporte vital avanzado medicalizadas con base nas cidades de Vigo e de Mos e seis ambulancias de soporte vital básico (tres a 24 horas e tres a 14 horas).

Esta contratación modifica as horas de operatividade dos recursos de 14 a 12 horas e incrementa os recursos asistenciais cunha nova ambulancia de soporte vital básico que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pasa a estar operativa durante as 24 horas. Así, a cidade de Vigo pasa a contar con tres ambulancias de soporte vital básico e catro de soporte vital avanzado.

Outras melloras do contrato

Así mesmo, co obxectivo de mellorar a prestación do servizo incorpóranse un vehículo de substitución de soporte vital avanzado e outro de soporte vital básico. Deste xeito, a flota de vehículos de substitución da rede de transporte sanitario urxente pasará a contar con tres vehículos de soporte vital básico e dous de soporte vital avanzado.

A Área Sanitaria de Vigo conta, ademais dos recursos situados na cidade de Vigo, con dúas ambulancias de soporte vital básico durante as 24 horas, unha con base en Moaña e outra con base en Cangas.

Todas estas melloras supoñen un importante aumento na dotación de medios humanos e materiais dos recursos de transporte que mellorarán de forma importante a prestación do servizo. Esta nova licitación permitirá que todas as ambulancias de soporte vital avanzado dispoñan de novos recursos de electromedicina como bioanalizadores de sangue, ecógrafos, padiolas semieléctricas e monitores con capacidade de transmisión de datos, que non se contemplaban no contrato vixente e que mellorarán a capacidade de asistencia e resolución dos novos recursos asistenciais.

A Fundación Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é o servizo de atención ás urxencias e ás emerxencias na Comunidade galega que, a través da súa central de coordinación, garante a prestación de asistencia sanitaria as 24 horas, os 365 días do ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O PLAN GALEGO DE REPRODUCCIÓN HUMANA ASISTIDA CUN INVESTIMENTO DE 7,8 M€ PARA OFRECER A CARTEIRA DE SERVIZOS MÁIS AMPLA DE ESPAÑA

- Rueda salienta que se trata dun dos “compromisos de lexislatura” e que busca ampliar “o número de beneficiarios” destes servizos
- Trátase dunha folla de ruta para incrementar progresivamente a idade máxima de acceso aos tratamentos de fertilidade na sanidade pública, elevando o límite actual dos 40 anos ata cumprir os 45
- Ademais ampliarase o acceso á conxelación de óvulos a mulleres con patoloxías non oncolóxicas e a aquelas de entre 30 e 35 anos que decidan pospoñer a maternidade por motivos persoais
- Xa o vindeiro mes de decembro, Galicia comezará a facilitar a conxelación de óvulos no caso de endometriose e de cirurxías con risco de perda de fertilidade
- O conselleiro de Sanidade asegura que o Sergas vai garantir que a primeira consulta nestas unidades sexa nun prazo máximo de 60 días e o inicio do tratamento, nun período inferior a seis meses
- A Xunta investirá máis de 5 M€ para multiplicar por 2,5 o persoal das unidades de reprodución e preto de 3 M€ en equipar e facer reformas nas unidades

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe “o Plan galego de reprodución humana asistida 2024-2028, que vai permitir que Galicia sexa a comunidade que ofrece a carteira deste tipo de servizos máis ampla de España.

Este Plan estará dotado de 7,84 M€ e trátase “dun dos compromisos” do Goberno autonómico para esta lexislatura, co que se busca “ampliar o número de beneficiarios” dos servizos de reprodución asistida na sanidade pública, tendo en conta que “un 15% das parellas precisan dun tratamento” deste tipo para “ter un fillo”.

Entre as principais novidades está ampliar progresivamente a idade máxima de acceso a estas técnicas desde o límite actual dos 40 anos ata cumprir os 45 anos e incluír ás mulleres que xa teñan un fillo. Ademais, vaise permitir a conxelación de óvulos na sanidade pública a mulleres con patoloxías non oncolóxicas e a aquelas de entre 30 e 35 anos que por motivos persoais, sen necesidade de padecer unha patoloxía, decidan pospoñer a súa maternidade.

Nesta liña, o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, indicou que o Servizo Galego Saúde vai garantir que a primeira visita á consulta de reprodución asistida será nun máximo de 60 días desde que se solicite e o acceso aos tratamentos serán nun prazo inferior aos seis meses.

Caamaño tamén explicou que a partir do próximo mes de decembro, a sanidade pública galega ofrecerá a conxelación de óvulos cando exista unha “indicación clínica ante o risco de perda de fertilidade” como no caso de mulleres con endometriose e outras

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

patoloxías non oncolóxicas que precisen cirurxía con risco de perda de fertilidade ous os homes trans. Ata o de agora, a preservación de ovocitos só se ofrece en caso de tratamentos de cancro.

Grazas á mellora continua das unidades de reprodución asistida do Servizo Galego de Saúde, unha das novidades que a Xunta xa ofrece é a posibilidade de someterse a un tratamento ás mulleres que xa tiveran un fillo mediante fecundación in vitro e contén con ovocitos ou embrións conxelados na sanidade pública.

Desde o vindeiro ano tamén se permitirá o acceso a tratamentos de fertilidade básicos a mulleres con esterilidade secundaria, é dicir, que teñan dificultades para concibir ou xestar logo de ter levado un primeiro embarazo a termo sen problemas.

Un dos obxectivos máis ambiciosos do plan é ofrecerlles ás galegas de entre 30 e 35 anos, por motivos unicamente persoais e sen necesidade de patoloxía, a posibilidade de conxelar óvulos nas unidades do Servizo Galego de Saúde para realizar unha posterior transferencia, sempre co límite dos 45 anos.

Esta medida implantarase de forma progresiva, de forma que en 2026 incluírase ás mulleres de entre 34 e ata ter os 35 anos cumpridos, en 2027 ampliarase ás de entre 32 e os 34 anos e no ano 2028 estenderase a medida ás mulleres de 30 a 32 anos.

Ampliación da idade para inseminacións e fecundación in vitro

Tamén de forma progresiva elevarase ata o límite de cumprir 45 anos a idade máxima para o acceso ás técnicas de reprodución asistida, como fecundacións in vitro ou inseminacións artificiais, tanto da parella como de doante.

Desta forma, desde marzo do próximo ano 2025, o Servizo Galego de Saúde permitirá o acceso ás mulleres de ata 41 anos cumpridos, en marzo de 2026 ata os 42, no mes de marzo de 2027 ata os 43 anos, en marzo do ano seguinte ata os 44 e, así, en decembro de 2028 cumprir a promesa de facilitalo tamén para mulleres ata os 45 anos.

Máis de 5 M€ para aumentar o persoal

Gómez Caamaño indicou que a posta en marcha deste Plan implica unha mellora e incremento de "persoal, medios e infraestruturas". En concreto, a Xunta vai investir máis de 5 M€ para aumentar os cadros de persoal das unidades de reprodución asistida multiplicando por 2,5 o persoal actual.

Este mesmo ano a unidade da Área de Vigo incorporará un profesional de xinecoloxía, un embriólogo e un técnico de laboratorio. A unidade da Área da Coruña e Cee pasará a contar cun embriólogo e un técnico de laboratorio máis e a de Santiago de Compostela e Barbanza, cun técnico de laboratorio a maiores.

Actualmente traballan nas unidades de reprodución do Servizo Galego de Saúde 30 profesionais entre médicos especialistas en xinecoloxía, embriólogos, analistas, persoal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de enfermaría, técnicas de coidados auxiliares de enfermaría (TCAE) e técnicos de laboratorio.

Co incremento previsto, o número de profesionais chegará ás 74 persoas. Incorporaranse por primeira vez nas unidades un psicólogo para cada unha e tamén un auxiliar administrativo en cada unidade. Ademais, contrataranse 11 xinecólogos, 8 embriólogos, 7 profesionais de enfermaría, 6 técnicos en coidados auxiliares de enfermaría e 6 técnicos de laboratorio.

Novo equipamento por máis de 1,7 M€

Ademais, vanse investir outros 1,7 millóns de euros e mellorar o equipamento das actuais unidades de reprodución asistida. As necesidades previstas no Plan implican a compra de 6 ecógrafos, 3 tanques de conxelación de óvulos, 5 cabinas con lupa, 2 incubadoras time-lapse (que contan cunha cámara para evitar extraer embrións para ser analizados para aumentar as súas probabilidades de éxito), 5 neveiras, 4 estufas de cultivo, entre outro equipamento.

Ao mesmo tempo, a Xunta dedicará 1 M€ a obras de adaptación das unidades. En concreto, investirase medio millón de euros no traslado da unidade de reprodución asistida de Vigo da súa localización actual no centro integral de saúde Taboada Leal ao Hospital Meixoeiro.

No caso da Coruña, 200.000 euros serán destinados a adaptar os espazos actuais da unidade do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera ata que estea operativo o novo CHUAC.

En Santiago de Compostela, realizaranse obras na unidade do Hospital Clínico por valor de 300.000 euros.

Así, a Xunta de Galicia promove a dinamización demográfica con medidas pioneiras en España en materia social como a gratuidade das escolas infantís e outras axudas económicas como a Tarxeta Benvida ou o Bono Concilia Familia.

A maiores, o Goberno galego fomenta a natalidade coas medidas incluídas neste plan xa que arredor do 15 % das parellas precisan da reprodución asistida para concibir un fillo. Ademais tense en conta o caso daquelas mulleres que decidan pospoñer a maternidade por motivos persoais máis aló da idade idónea de xestación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ATA 215.000 EUROS AS AXUDAS ÁS SALAS PRIVADAS DE ARTES ESCÉNICAS

- O Consello aproba as bases desta convocatoria, coa que se abrirá o programa de subvencións ás industrias culturais galegas para 2025
- O aumento dun 7,5 % na súa dotación supón un novo reforzo desta liña de apoio, destinada a garantir a estabilidade no funcionamento deste tipo de espazos, de titularidade privada e capacidade reducida de público

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases das subvencións para salas de artes escénicas de titularidade privada, que en 2025 aumentan a súa dotación nun 7,5 % para situarse nos 215.000 euros. Coa súa convocatoria, abrírase ademais o programa de axudas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ás industrias culturais galegas para 2025.

Este novo incremento mantén a tendencia á alza no investimento destinado a garantir a estabilidade dunha programación de carácter profesional por parte deste tipo de locais, de xestión privada e cunha capacidade máxima de 150 localidades. Recoñéceselles, neste sentido, o seu destacado papel ao servizo da difusión e da creación de públicos para o sector escénico.

Tamén se ten en conta a positiva incidencia desta liña de apoio nos catro espazos subvencionados nos últimos anos: Sala Ártika e Teatro Ensalle en Vigo e Teatro del Andamio e Sala Gurugú na Coruña. Así, en 2023 e tras unha subida de máis do 33 % que situou a dotación destas axudas en 200.000 euros, as beneficiarias incrementaron a súa actividade en algo máis do 56 % respecto ao ano anterior, programando 355 funcións ás que acudiron preto de 15.800 persoas.

As bases que rexerán para 2025 definen como destinatarias destas subvencións aquelas persoas profesionais autónomas ou xurídicas privadas xestoras de salas de artes escénicas e posuidoras da correspondente licenza de apertura, sempre que tiveran realizado un mínimo de 50 representacións durante 2024.

Cada unha das entidades beneficiarias poderá obter unha axuda máxima de 75.000 euros cun límite do 75 % do gasto subvencionable. A contía recibida destinarase a gastos vinculados á contratación de espectáculos, servizos técnicos e auxiliares asociados, dereitos de autor, contratación de persoal, comunicación e publicidade, ademais de ata o 20 % dos custos indirectos como alugueiros, subministracións ou gastos correntes.

A súa concesión realizarase en réxime de concorrência competitiva a partir da avaliación dunha comisión, que terá en conta criterios como a antigüidade da empresa, a capacidade do local e a súa pertenza á Rede Galega de Salas en 2024. O proxecto de programación, con aspectos como o número de funcións ou a contratación de compañías

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galegas, son outras das cuestións que se valorarán, así como os plans de financiamento, de comunicación ou de creación de públicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 10 M€ ÁS AXUDAS PARA FACILITAR AOS COLECTIVOS CON MÁIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A ASISTENCIA AOS CURSOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO

- Estas bolsas, que crecen preto do 7,5 % nesta convocatoria 2024/25, buscan favorecer a participación de persoas desempregadas nas accións formativas convocadas pola Xunta, con apoios á conciliación, transporte, manutención e aloxamento
- Inclúen apoios para persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero, con familiares ao seu cargo ou integrantes de familias numerosas ou monoparentais
- A Xunta leva investido dende 2019 máis de 41 millóns de euros nunha medida que na última convocatoria, activa ata final de mes, beneficiou máis de 16.000 persoas
- No foco está potenciar a empregabilidade destes perfís, aumentando as súas oportunidades laborais cunha formación pegada ao territorio, atendendo ás necesidades do tecido produtivo a través de ferramentas como as microformacións

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria das axudas directas para apoiar a participación de persoas desempregadas nos cursos para o emprego que está a impulsar o Goberno galego. Así, o orzamento para a edición 2024/2025 destas bolsas e apoios, que inclúen financiamento para os gastos de desprazamento, manutención, aloxamento ou conciliación, chega aos máis de 10 millóns, cun incremento de 700.000 euros (un 7,47 %) con respecto ao importe inicial da última convocatoria, activa aínda ata final de mes.

O obxectivo desta acción do Goberno galego, na cal leva investido máis de 41 millóns de euros dende 2019 e que beneficiou no 2023/2024 máis de 16.000 persoas, é facilitar a asistencia aos cursos formativos impulsados pola Xunta do alumnado pertencente a colectivos prioritarios con maiores problemas á hora de atopar un emprego de calidade. Por iso, entre os posibles beneficiarios desta medida están persoas con discapacidade, vítimas de violencia de xénero ou con familiares ao seu cargo, ademais de integrantes de familias numerosas ou monoparentais.

No foco está, en resumo, potenciar a súa empregabilidade, mellorando a cualificación para aumentar as oportunidades laborais nunha folla de ruta na que é absolutamente fundamental vencellar estas accións ás necesidades e oportunidades do tecido produtivo, adaptándose ás novas realidades e demandas das empresas galegas a través dunha formación pegada ao territorio e con ferramentas como as microformacións.

Por iso, apoiarase a asistencia dos colectivos xa mencionados a un amplo abano de accións, que van dende os cursos dos centros propios da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e nas entidades e centros que imparten as accións formativas para desempregados impulsados pola Xunta, ata a participación nas unidades formativas das empresas -un programa que contará no 2025 cun orzamento de 8 millóns de euros-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como exemplo deste plan, no que tamén resalta a modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia ou a definición das listas de demandantes -co propósito de reforzar a eficacia das propias políticas activas de emprego-, na nova edición das accións formativas para desempregados -resolta recentemente coa concesión de máis de 72 millóns de euros para beneficiar unhas 23.300 persoas-, deuse prioridade ás especialidades máis demandadas polas empresas galegas e no recollido nas oficinas de emprego. E agora permitírase, na mesma liña da flexibilidade doutras accións formativas desenvolvidas pola Xunta, que o alumnado estude un certificado profesional completo (grao C, entre 600 e 1.000 horas), ou fragmentalo de xeito cirúrxico, optando só por algún dos seus módulos (grao B, entre 200 e 300 horas) ou ata por algún bloque formativo dentro deses módulos (grao A, arredor das 30 ou 40 horas).

Beneficiarios e detalles desta convocatoria

Aos posibles beneficiarios destas bolsas de formación, a Xunta outorgará achegas de 9 euros por día de clase ao alumnado con polo menos o 33 % con discapacidade, así como a integrantes de familias numerosas ou de carácter monoparental. Estas axudas ascenderán a 10 euros por día para as vítimas da violencia de xénero que tomen parte nas accións.

O Goberno galego quere apoiar tamén a asistencia de persoas que teñan ao seu coidado fillas ou fillos, menores de 12 anos en acollida e/ou familiares con dependencia ata o segundo grado, ás que outorgará unha contía igual ao 75 % do indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem) diario que estea vixente, para facilitar a súa conciliación.

Ao igual que en anteriores ocasións, tamén concederanse achegas para o transporte en vehículo propio (20 €/día de contía máxima), o uso do transporte público urbano ou interurbano (1,5 €/día); de manutención (12 €/día) se a distancia do domicilio supera os 20 quilómetros; e para aloxamento e manutención de ata 50 euros por día tanto para domicilios que disten 100 quilómetros ou máis ou nos que se careza de servizo de transporte que permita o traslado a diario.

As solicitudes deberán presentarse no prazo dun mes desde a incorporación á acción formativa ou desde que teña lugar o feito causante da axuda. Polo tanto, o período que abrangue o prazo de solicitudes para esta convocatoria será para as accións formativas que se inicien entre o 1 de decembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO APROBA A ESTRATEXIA DA ECONOMÍA AZUL DE GALICIA 2024-2027 QUE RECOLLE 40 MEDIDAS QUE MOBILIZARÁN MÁIS DE 114 M€

- Rueda salienta que o obxectivo é que “Galicia sexa punteira” neste eido que busca protexer os ecosistemas mariños e facer un uso axeitado dos recursos para garantir o desenvolvemento económico a longo prazo
- O documento foi elaborado nun proceso participativo no que se constituíron 11 grupos de traballo compostos por representantes das actividades da economía azul da comunidade
- Entre os obxectivos está situar os sectores emerxentes vencellados a este ámbito como referentes internacionais e garantir a sustentabilidade e circularidade da pesca, o marisqueo e a acuicultura como actividades nucleares

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello deu hoxe o visto e praxe a “Estratexia da Economía Azul de Galicia, que mobilizará máis de 114 millóns de euros ata 2027”. Será a folla de ruta coa que o Goberno autonómico busca situar Galicia coma referente neste eido para “compaxinar a protección do medio mariño e a actividade económica”.

A nova Estratexia é un documento fundamental dada a estreita vinculación da comunidade co mar e o seu potencial económico ligado aos recursos mariños. Galicia “que é a comunidade con máis quilómetros de costa”, salientou Rueda, conta con importantes portos e unha forte tradición pesqueira que sustentan unha parte importante da economía do territorio. A finalidade da estratexia é dar resposta a retos como o Cambio Climático, a sobreexplotación dos recursos acuáticos e a necesidade de diversificar o tecido produtivo combinando sustentabilidade e crecemento económico.

A estratexia foi elaborada mediante un proceso vivo e participativo no que se constituíron 11 grupos de traballo compostos por representantes das actividades da economía azul da comunidade. Así, celebráronse 11 obradoiros sectoriais con 123 participantes que permitiron validar a diagnose da EAG e identificar os retos estratéxicos. Ademais, celebráronse dúas xornadas multisectoriais que contaron con 76 participantes para consensuar o conxunto de medidas que recollidas no documento. O resultado foron 40 medidas que en conxunto suporán a mobilización de máis de 114 millóns de euros.

Entre os obxectivos está situar os sectores emerxentes vencellados a este ámbito como referentes internacionais e garantir a sustentabilidade e circularidade da pesca, o marisqueo e a acuicultura como actividades nucleares. Tamén persegue integrar as diferentes actividades que conforman a economía azul mediante conectores de innovación reforzando a gobernanza, fomentando a I+D+i azul e impulsando o desenvolvemento e retención do talento especializado. “Unha terra mariñeira como Galicia ten que ser punteira nun sector emerxente a nivel internacional como é a economía azul”, indicou Rueda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A estratexia promovida polo Goberno galego vertebra as medidas entorno a 6 eixos: a cooperación intersectorial, os conectores de innovación, a competitividade, o patrimonio mariño, o traballo e talento así como a información e comunicación. Entre as accións recollidas están a creación dunha rede que integre aos diferentes axentes da economía azul de Galicia, o fomento de sinerxías entre os sectores da biotecnoloxía e da acuicultura, un catálogo galego de I+D+i azul, a creación dun centro de biotecnoloxía azul en rede ou a creación dunha unidade especializada neste ámbito na oficina Galicia Empresa.

O documento constitúe a auténtica folla de ruta da Xunta para protexer e restaurar os ecosistemas mariños e aproveitar dun xeito innovador os recursos acuáticos garantindo o desenvolvemento económico a longo prazo. Ademais, e de xeito paralelo, servirá para proporcionar unha mellor calidade de vida á sociedade galega a través da produción sostible de alimentos, a posta en valor da cultura mariñeira do emprego de calidade e do transporte sostible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COORDINA O ENVÍO DE DOUSCENTOS PROFESIONAIS, CASE UN CENTO DE VEHÍCULOS E DIVERSO MATERIAL DE EMERXENCIAS EN APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS POLA CATÁSTROFE EN VALENCIA

- Alfonso Rueda agradece “a solidariedade de todos os galegos e o seu compromiso”, tanto dos cidadáns anónimos como dos profesionais “que voluntariamente se ofreceron” nuns momentos “nos que a súa axuda é especialmente necesaria”
- O Consello avaliou o informe de balance dos medios compilados entre onte e hoxe en resposta ao chamamento feito pola Comunidade Valenciana
- Un primeiro continxente está xa na zona e está previsto que outro chegue na xornada de hoxe

O Consello da Xunta avaliou na xuntanza de hoxe o continxente de profesionais e medios de emerxencias coordinados polo Goberno galego en resposta ao chamamento feito pola Comunidade Valenciana para o apoio ás persoas afectadas pola catástrofe natural. Trátase de douscentos técnicos de distintos departamentos autonómicos e de administracións locais, xunto con case un cento de vehículos e diverso material de emerxencias. Tal e como salientou o presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, “todas as administracións estamos remando a unha en Galicia para ofrecer os medios que nos son requiridos”.

Do mesmo xeito, Rueda agradeceu “a solidariedade de todos os galegos e o seu compromiso amosado estes días”, referíndose tanto a cidadáns anónimos como aos profesionais das emerxencias e do traballo neste tipo de situacións que “voluntariamente se ofreceron para botar unha man e axudar nuns momentos no que a súa axuda é especialmente necesaria”.

Así, o primeiro continxente, que xa está en Valencia, está integrado por case un cento de profesionais. Trátase de seis efectivos do Grupo Operativo de Actividade Subacuática da Policía Autonómica e outros sete do Grupo de Apoio Loxístico á Intervención (GALI) e da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, xunto con 60 da Consellería do Medio Rural, entre os que figuran bombeiros forestais, condutores, axentes ambientais e un posto de mando avanzado con técnicos, entre outros. A maiores, mobilizáronse cinco membros do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Mos (GES) e dous voluntarios de Protección Civil do Rosal.

En canto aos medios materiais, enviáronse 20 vehículos todoterreo, cinco furgonetas, sete motobombas, un bulldozer, un tractor, un remolque, dúas nodrizas, unha balsa pneumática e unha kayak de salvamento, entre outros vehículos. A maiores, puxéronse á disposición material de salvamento e socorrismo, equipamento de primeiros auxilios, equipos de mergullo, drons, bombas de achique, equipos de iluminación e mangueras, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A saída dos diferentes integrantes fíxose onte á noite desde diferentes puntos de Galicia, para xuntarse na localidade zamorana de Benavente e dirixirse así cara a Valencia.

Segundo continxente

Nesta mañá o Goberno galego coordinou un segundo envío conformado por outro cento de profesionais dos bombeiros municipais da Coruña, de Santiago de Compostela, de Lugo, de Ferrol e Vigo e do Consorcio de Bombeiros de Pontevedra, ademais dos GES de Ponteareas, da Mancomunidade Terra de Celanova e Padrón, e voluntarios de Protección Civil de Verín, Boiro, Mazaricos, Carballo, Tui, Muxía, Val do Dubra, Moraña, Cuntis, Portas, Ferrol, Vilalba e Viveiro. Sumouse ademais a unidade de cans de salvamento (Casaga) e un equipo do Concello de Cambados.

O material mobilizado por este segundo continxente suma unha vintena de todoterreos e pickups, catro furgonetas, tres motobombas e sete remolques entre outros vehículos, e numeroso material de apoio como bombas de achique, equipos de excarceración, drons, material de rescate acuático e altura, xeradores e tendas de emerxencias.

Os envíos enmárcanse no labor de coordinación impulsado pola Xunta o pasado sábado, tras a petición de novos medios por parte da Comunidade Valenciana en apoio ás persoas afectadas pola DINA. Así, nesa xornada reuníanse a través dunha videoconferencia o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e representantes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático xunto con representantes da Delegación do Goberno en Galicia, da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e das catro deputacións provinciais, así como responsables de servizos provinciais e municipais de emerxencias de Galicia.

Na xuntanza acordouse que a Xunta centralice e coordine o envío de profesionais e medios de emerxencias que se envíen desde Galicia e que sexan requiridos desde o Centro de Coordinación de Emerxencias da Generalitat valenciana. Estase a efectuar a través do 112 Galicia onde as distintas administracións e organismos comunicaron os seus medios dispoñibles. Estes datos trasládanselles á Comunidade Valenciana e ao Centro Nacional de Seguimiento e Coordinación de Emerxencias (CENEM).

Os medios enviados onte xa se están na zona á disposición dos responsables da emerxencia para afrontar todas aquelas tarefas para que sexan mobilizados e restablecer, entre outras accións, a comunicación como está a demandar a Comunidade Valenciana para facilitar así a chegada dos servizos de emerxencias.

Cómpre lembrar que a Xunta xa enviou a semana pasada a Valencia o helicóptero *Pesca 1* de Gardacostas de Galicia para participar nos operativos de busca e rescate de persoas en zonas afectadas pola DINA, e formou parte de dous dispositivos nos que non se localizou a ninguén.

Desde a Xunta séguese a disposición da Comunidade Valenciana nos medios que demande para colaborar nas tarefas que os centros de mando da autonomía soliciten.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UNHA PROGRAMACIÓN ESPECIAL POLO 25N CON MÁIS DE 300 ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- Ponse o foco na mocidade, para previr actitudes machistas e fomentar valores como a igualdade entre mulleres e homes, o Bo Trato ou a non discriminación
- Están implicadas distintas áreas do Goberno galego e apóianse con diferentes liñas de investimento accións en centros educativos, en Anpas, en entidades sociais e nos Centros de Información ás Mulleres (CIM)
- Estrutúrase en cinco áreas temáticas: infancia e mocidade, ámbito empresarial, sector especializado en violencia de xénero, medios de comunicación e medios dixitais, sensibilización e prevención a pé de rúa
- Entre as actividades que se desenvolverán, destacan as de información en materia de violencia de xénero nas principais cidades galegas; a presentación dunha curtametraxe e dunha unidade didáctica para alumnado de infantil e primaria; as campañas de sensibilización en medios de comunicación e redes sociais; un acto central co persoal dos CIM e das concellerías de igualdade; ou unha xornada sobre a violencia de xénero na contorna dixital

A Xunta de Galicia promove máis de 300 accións de formación, sensibilización e prevención contra a violencia de xénero con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, 25N. O Consello deu conta hoxe da programación especial que se levará a cabo con motivo desta efeméride, que se estenderá ata decembro e que porá o foco na mocidade co obxectivo de seguir educando as xeracións máis novas na igualdade entre mulleres e homes, no Bo Trato e na non discriminación.

Baixo a coordinación da Consellería de Política Social e Igualdade, a programación especial polo 25N conta coa participación de diferentes áreas do Executivo autonómico e da rede de centros Quérote+. Así mesmo, desde a Xunta apóianse distintas accións de centros educativos, de asociacións de nais e pais de alumnado (Anpas), de entidades sociais e dos centros de información ás mulleres (CIM).

Neste sentido, a programación vertébrase en cinco bloques temáticos, cada un deles con propostas concretas: mocidade e infancia; ámbito empresarial; sector especializado en violencia de xénero; medios de comunicación e medios dixitais; e sensibilización e prevención a pé de rúa.

Previr actitudes machistas

Á infancia e á xente nova vai dirixida boa parte das propostas da programación especial do 25N, xa que é fundamental previr futuras actitudes machistas e, de xeito particular, calquera tipo de violencia de xénero. Con esta finalidade, poranse en marcha accións de información e sensibilización nos campus universitarios e na rede de Espazos Xoves da Xunta; obradoiros de Bo Trato en centros educativos e na universidade, en concreto no máster de Psicoloxía Social da Universidade de Santiago de Compostela; e unha nova edición do concurso escolar e vídeos para alumnado de primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, presentarase unha unidade didáctica e unha curtametraxe como recurso educativo para os centros de infantil e primaria e desenvolverase unha xornada para o alumando universitario que se está formando en ámbitos relacionados coa igualdade, como a educación social, o traballo social, a psicoloxía ou a pedagogía. Esta xornada consistirá na posta en escena dunha obra teatral co-producida pola Xunta e unha posterior formación vencellada ás parellas sas e ao Bo Trato. Ademais, recorrerase ao cine e a unha unidade didáctica como un novo recurso á disposición dos concellos para traballar na prevención.

Un segundo eixo nos que a Xunta está actuando para previr a violencia de xénero é o empresarial. No marco do 25N, xa se comezou unha rolda de reunións con compañías, firmas e negocios para presentar a nova Guía de indicios para a detección da violencia de xénero nas contornas empresariais.

Impulso dos CIM

Un terceiro sector en que fai incidencia a programación é o dos profesionais especializados na atención ás vítimas. Neste campo, un dos recursos máis importantes que temos en Galicia é a Rede de centros de información ás mulleres: un total de 84 centros que dan cobertura a 191 concellos. Por iso, para conmemorar o 25N realizarase un acto central coa participación dos concellos en que se explicarán novas accións para o impulso dos CIM.

Ademais, celebrarase unha xornada sobre a violencia de xénero na contorna dixital destinada a colexios de avogacía e de psicoloxía, expertos universitarios e representantes das forzas e corpos de seguridade do Estado. Tamén se seguirá ampliando a formación cun curso para responsables de igualdade das consellerías dentro do I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia.

Un cuarto ámbito estratéxico para combater a violencia de xénero en que afonda a programación do 25N son os medios de comunicación e as redes sociais, dúas ferramentas importantes para sensibilizar e previr contra esta eiva. Neste sentido, é importante que os profesionais dos medios teñan as claves do tratamento que debe ter esta información tan sensible. Tamén é necesario empregar as redes sociais como canles para a concienciación da cidadanía, en especial da xente máis nova.

Neste bloque temático, a proposta de actividades da Xunta inclúe a difusión dunha campaña en medios de comunicación ca epígrafe '*É machismo. É violencia. Con todas as letras*' e outra campaña de comunicación dos centros Quérote+ centrada no Bo Trato. Ademais, a organización dun congreso sobre medios de comunicación e igualdade de xénero e o desenvolvemento dunha nova edición da campaña en redes sociais #IgualdadeFollowers, ambas as dúas propostas en colaboración coa Asociación de Periodistas de Galicia.

Información na rúa

O quinto ámbito ao que chegará a programación especial do 25N é a rúa. Reforzaranse as accións de prevención, sensibilización e concienciación preto da cidadanía, para o que se levará aos barrios, prazas e lugares a campaña de sensibilización posta en marcha pola Xunta nos principais festivais de verán.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No mes de novembro, as principais cidades galegas terán unha área de sensibilización en materia de violencia de xénero cun equipo de profesionais especializadas. Así mesmo, celebrarase en concellos das catro provincias galegas un programa de autodefensa persoal para mulleres e colaborarase co Festival Rebulir 2024 de Celanova cunha mostra da visión de ilustradoras contra a violencia de xénero.

Ademais, terá lugar a tradicional andaina polo 25N 'Camiño ao respecto', desde o Monte do Gozo ata a praza do Obradoiro, aprobarase unha declaración institucional da Xunta de Galicia e celebrarase un acto central con esta efeméride.

O obxectivo desta programación especial é dar máis visibilidade á loita contra a violencia de xénero, tarefa na que é necesario implicarse os 365 días do ano. A este compromiso responden toda unha serie de medidas nesta materia que ten a Xunta en vigor, tales como a mellora dos equipamentos que forman parte da Rede galega de acollemento ás vítimas da violencia de xénero; o reforzo dos Centros de Información ás Mulleres; as axudas económicas e os programas de atención xurídica, psicolóxica e terapéutica ás vítimas; o programa para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero; e a inminente posta en marcha dos cinco centros de crise 24 horas para atención de vítimas de violencia sexual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA A MELLORA DE 69 PARADAS DE AUTOBÚS EN 3 ESTRADAS AUTONÓMICAS AO SEU PASO POLO CONCELLOS DE BOQUEIXÓN E TOURO

- Esta actuación suporá un investimento autonómico que rolda os 1,75 M€
- Intervirase no ámbito das rutas de acceso da zona leste de Santiago, mellorando 38 paradas no municipio de Boqueixón e 31 no de Touro
- As intervencións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- A Xunta tamén deu conta hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para o citado proxecto
- O proxecto someterase nas vindeiras semanas a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar e executar as obras ao longo do ano 2025
- As intervencións enmárcase no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe someter a información pública o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 69 paradas de autobús situadas en tres estradas da rede autonómica, ao paso polos concellos de Boqueixón e Touro, que suporán un investimento que rolda os 1,75 M€.

O Goberno galego tamén deu conta da aprobación provisional do proxecto, previa aos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos nas estradas de titularidade da Xunta: AC-240, que comunica os núcleos de Burres e Ponte Ulla; a AC-261, que une Lamas e Ponte Marzán; e a AC-960, desde A Susana ata o límite provincial con Vila de Cruces. As obras farán necesario expropiar un total de 45 predios, polo que se dispón tamén a urxente ocupación para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación definitiva é de 2.857,15 m².

Estes proxectos de mellora de accesibilidade e conectividade das 69 paradas de autobús identificadas na rede autonómica da zona leste de Santiago, permitirán mellorar 38 paradas no municipio de Boqueixón e 31 no concello de Touro.

O desenvolvemento dos proxectos

As actuacións proxectadas comprenderán o acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas.

Ademais colocaranse refuxios deseñados pola Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluírán medidas de seguridade e procederase á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

As actuacións tamén prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

O obxectivo é incrementar a captación de usuarios das zonas rurais afastadas dos grandes núcleos no uso do transporte público, fomentando a diminución do uso dos movementos de curto e medio recorrido en transporte privado, con orixe ou destino nas cidades de maior poboación, o que redundará nunha diminución das emisións de xeito gradual.

Os proxectos enmárcanse no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente, e son susceptibles de financiamento dos fondos europeos Feder 21/27.

Tramitación

O proxecto provisional aprobado provisionalmente hoxe polo Executivo autonómico, someterase nas vindeiras semanas ao trámite de información pública durante o prazo de 30 días.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto no primeiro semestre de 2025, para a continuación realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras ao longo de 2025. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

Estes proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

Imaxes exemplo de planta das actuacións a executar e tipoloxía das paradas a instalar nestas estradas autonómicas:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



MODELO RURAL



MODELO URBANO

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA IMPULSA UNHA ESTRATEXIA PIONEIRA A NIVEL NACIONAL PARA REDUCIR O NIVEL DE EXPOSICIÓN DA CIDADANÍA AO GAS RADÓN

- Crearase unha comisión interdepartamental, adscrita á Consellería de Sanidade, para coordinar e impulsar as políticas públicas en relación ao gas radón, cunha oficina técnica encargada da execución das iniciativas
- A Xunta medirá os niveis do radón en centros sanitarios, educativos, sociosanitarios e fomentará a medición nos fogares e centros de traballo privados
- Iniciarase a recollida de información relacionada coa exposición ao radón no ámbito laboral e domiciliario para ser incorporada á carpeta persoal e á historia clínica de cada paciente
- Impulsarase a investigación de excelencia entre a saúde pública e outras áreas de coñecemento, en colaboración coas universidades galegas
- A exposición a niveis elevados de radón no interior das vivendas é o primeiro factor de risco para padecer cancro de pulmón en persoas que nunca fumaron
- Galicia intensifica o esforzo para reducir a incidencia do cancro de pulmón, que xa se materializa en iniciativas como o proxecto piloto do cribado na Área Sanitaria da Coruña e Cee

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao informe sobre a Estratexia galega reduce radón, iniciativa pioneira a nivel nacional da Consellería de Sanidade, impulsada co obxectivo de desenvolverla no período temporal 2025-2030 para reducir o nivel de exposición da cidadanía a este gas.

O gas radón é especialmente abundante en Galicia debido, entre outras cousas, ao alto contido en granito do subsolo. A súa concentración en ambientes interiores depende da área xeográfica e do nivel de illamento das construcións. A exposición continuada a niveis elevados de radón no interior das vivendas é o segundo factor de risco despois do tabaco para padecer cancro de pulmón e o primeiro, no caso de persoas que nunca fumaron.

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade impulsa a Estratexia galega reduce radón con dous obxectivos principais: reducir os niveis deste gas en ambientes interiores para manter os límites de exposición de acordo coa normativa europea e española; e previr e controlar as consecuencias para a poboación galega da exposición ao radón en ambientes interiores. A estratexia presentárase nun acto público o vindeiro 7 de novembro coincidindo co Día Europeo do Radón.

Medidas previstas

A Estratexia galega reduce radón estrutúrase en cinco eixes estratéxicos para acadar unha Galicia menos exposta a niveis de radón nos ambientes interiores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O primeiro eixe busca identificar os niveis de radón en lugares e áreas de Galicia, de modo que se poidan saber as áreas en que existe unha maior probabilidade de encontrar altas concentracións de radón en edificacións, para facilitar o deseño da protección a nivel colectivo. Durante a vixencia do plan, a Xunta medirá os niveis do radón en centros sanitarios, educativos, sociosanitarios e fomentará a medición nos fogares e centros de traballo privados.

O segundo eixe de acción está orientado á vixilancia epidemiolóxica e da saúde, que servirá para orientar con maior eficacia a prevención dos riscos para a saúde asociados á exposición a niveis de radón, así como realizar a planificación e avaliación sanitaria. Con este obxectivo, implantarase un sistema sinxelo de recollida de información sobre exposición ao radón para que sexa incorporada á carpeta persoal e á historia clínica electrónica única de cada paciente da sanidade pública galega.

O terceiro eixe busca acadar unha boa xestión do coñecemento dos efectos da exposición ao radón na saúde da poboación para conseguir a integración dos diversos sectores involucrados con vistas a obter solucións integrais e que estas sexan as mellores solucións posibles. Neste sentido, a Xunta impulsará a investigación interdisciplinar de excelencia entre a saúde pública e outras áreas de coñecemento, en colaboración coas universidades galegas. Ademais, desenvolverase un plan de formación de axentes que interveñen no ámbito da edificación, do arrendamento ou da prevención de riscos laborais.

A cuarta liña de acción está enfocada a acadar unha comunicación eficaz e clara para os profesionais e a poboación para conseguir o apoderamento para a saúde das persoas a título individual e das comunidades. Na práctica, deseñase un plan de comunicación e información sobre os riscos para a saúde da exposición ao radon, así como a elaboración de guías para reducir a exposición aos niveis de radon nos edificios existentes.

O quinto eixe céntrase na xestión do risco da exposición ao radón na poboación galega. Crearase unha comisión interdepartamental, adscrita á Dirección Xeral de Saúde Pública, para coordinar e impulsar as políticas públicas en relación ao gas radón. Tamén está previsto crear a Oficina técnica de control do radón para poñer en marcha e desenvolver todas as accións indicadas nesta estratexia.

Un dos principios reitores desta estratexia é o enfoque en saúde en todas as políticas, xa que para conseguir a diminución dos niveis de radón nos ambientes interiores é necesario tomar medidas e decisións, non só sanitarias, senón tamén nos ámbitos da vivenda e do urbanismo, das infraestruturas, do emprego, da política social, da educación, etc.

Aposta pola prevención do cancro

A estratexia presentada pola Consellería de Sanidade completa a liña de acción global que está a desenvolver a Xunta para reducir a incidencia e mortalidade do cancro de pulmón en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, está en marcha o Plan inspira saúde, para acadar unha xuventude libre de fume e desnormalizar o consumo de tabaco na poboación xeral, ademais de tomar medidas na detección precoz das principais enfermidades asociadas ao consumo de tabaco.

Outra das iniciativas que a Xunta puxo en marcha este mesmo ano é un proxecto piloto pioneiro de cribado de cancro de pulmón na Área Sanitaria da Coruña e Cee. O cribado vai dirixido a persoas de alto risco de entre 55 e 74 anos que sexan grandes fumadoras ou que deixaran o hábito hai menos de 10 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A ASISTENCIA E ORGANIZACIÓN DE FEIRAS DE ARTESANÍA PARA ABRIR NOVOS MERCADOS AO SECTOR E A SÚA TRANSFORMACIÓN DIXITAL, INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN

- O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre os preto de 430.000 euros concedidos a 140 obradoiros artesanís, asociacións e concellos no marco das dúas convocatorias
- Na orde de comercialización aprobáronse 84 axudas e na de modernización houbo 72 concesións, resultando 16 obradoiros artesanís beneficiarios de ambas iniciativas
- O investimento continuará en 2025 nas dúas convocatorias, sumadas ao labor da Fundación Artesanía de Galicia, que contará con 1,2 M€, un 14 % máis ca este ano
- No primeiro trimestre do ano que vén estará listo o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, no marco do que se impulsarán iniciativas como o proxecto de dinamización *Vilas vivas* que incentivará o consumo nos establecementos locais

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre os preto de 430.000 euros concedidos para o fomento da comercialización da artesanía e para a transformación dixital, innovación e modernización do sector artesanal. En total, recibiron axuda 84 entidades no primeiro caso e 72 no segundo, o que eleva os beneficiarios totais a 140, tendo en conta que a 16 obradoiros artesanís se lles concederon ambas achegas.

No caso da orde de comercialización, búscase reforzar un sector de vital importancia económica, social e cultural, posibilitando que a longa lista de oficios existentes poidan estar presentes en multitude de feiras, non só de ámbito galego, senón tamén a nivel estatal e internacional. No referido á convocatoria de modernización -tamén dirixida ao comercio en xeral-, perséguese que os obradoiros poidan adecuarse aos novos tempos introducindo novas tecnoloxías, conectando coa clientela e ofrecendo unha experiencia de compra única e personalizada, adaptada ás demandas das persoas consumidoras.

O apoio da Xunta continuará en 2025 non só no marco destas dúas iniciativas, senón tamén a través do imprescindible labor da Fundación Artesanía de Galicia, que contará cun orzamento de 1,2 millóns de euros, un 14 % máis ca este ano.

Medidas para revitalizar o sector artesanal e comercial

A reedición en 2025 destas dúas ordes sumada ao labor da Fundación Artesanía de Galicia -que contará cun 14 % máis de presuposto o ano que vén- confirma a liña estratéxica da Xunta para preservar o patrimonio cultural e promover o desenvolvemento económico e a sustentabilidade de oficios, técnicas e coñecementos ancestrais.

No eido comercial en xeral, no primeiro trimestre do ano que vén estará listo o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, como folla de ruta para seguir

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulsando medidas a prol da competitividade dun sector do que forma parte crucial a artesanía. Entre elas, cómpre destacar o proxecto de dinamización *Vilas vivas*, eventos efémeros que chamarán ao consumo local e á fidelización da clientela co foco posto tanto nos establecementos comerciais como nos artesanais. Un proxecto que comezará en Ribadavia.

Fomento da comercialización de artesanía

A Xunta vén de conceder axudas por un importe superior aos 211.000 euros a 84 entidades (80 obradoiros artesanís, dúas asociacións profesionais e dous concellos) para o fomento da comercialización da artesanía galega.

En concreto, apóiase a asistencia a feiras profesionais ou non profesionais de artesanía, de ámbito nacional e internacional, financiándolles aos obradoiros cuestións como o alugueiro do espazo expositivo, seguros, servizos de carácter básico e obrigatorios sinalados polo regulamento das feiras, servizos de tradución e transporte profesional do material expositivo, entre outros.

Transformación dixital, innovación e modernización do sector artesanal

Neste caso, a Xunta distribuíu achegas por máis de 216.000 euros a 72 obradoiros artesanís, para apoialos na introdución de tecnoloxías que lles permitan conectar coas necesidades da clientela á vez que melloran os seus equipamentos para consolidar un comercio de proximidade omnicanle, moderno e sustentable. Mirando ao resto do comercio -que tamén se pode beneficiar da orde-, 330 establecementos recibiron un importe total próximo aos 1,9 millóns de euros.

Por unha banda, os interesados podían optar á liña de transformación dixital, na que se inclúen actuacións como a implantación de páxina web con ou sen venda en liña, ferramentas de posicionamento dixital, xestión de redes sociais ou loxística de comercio electrónico, entre outras. Na liña de innovación cóbrense accións para a transformación dixital do punto de venda e do modelo de negocio (terminais de pagamento, tecnoloxía de control de stocks ou asistentes virtuais), iniciativas para mellorar a experiencia de compra como escaparates virtuais ou pantallas e tótems publicitarios.

Por último, na liña destinada á modernización hai tres programas de actuación: un destinado á mellora da eficiencia enerxética e dos recursos do local, outro de reforma para mellorar a imaxe do establecemento e outro para a adquisición de equipamento e maquinaria propios da actividade comercial e artesanal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL INVESTIU PRETO DE 1 M€ NA MELLORA DA BIOSEGURIDADE DOS CENTROS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE POR ESTRADA DE GANDO VIVO

- Dende 2022 houbo un total de 18 beneficiarios destas achegas, financiadas integramente con fondos NextGenerationEU, segundo figura nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta
- O obxectivo é mellorar estes centros ou aumentar o número dos existentes, reforzando as medidas de bioseguridade no movemento pecuario, de forma que se evite a difusión de enfermidades animais, contribuíndo ademais á rendibilidade das explotacións gandeiras
- En Galicia existen un total de 79 centros de limpeza e desinfección de vehículos rexistrados, dos cales 46 están anexos a establecementos, a maioría deles matadoiros

A Consellería do Medio Rural investiu dende 2022 un total de 960.166 euros en axudas a investimentos en materia de bioseguridade para os centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte por estrada de gando vivo. Así se recolle nun informe que hoxe avaliou o Consello da Xunta e en que se indica que, no seu conxunto, contou con 18 beneficiarios destas achegas. Está previsto que a resolución correspondente á convocatoria deste ano se publique mañá martes no *Diario Oficial de Galicia*.

O obxectivo destas axudas, financiadas integramente con fondos NextGenerationEU, é mellorar estes centros ou aumentar o número dos existentes, reforzando as medidas de bioseguridade no movemento pecuario, de forma que se evite a difusión de enfermidades animais, contribuíndo ademais á rendibilidade das explotacións gandeiras.

Xa que logo, as actuacións subvencionables con estas axudas son a modernización ou mellora dos equipos e instalacións existentes para unha maior eficiencia nos sistemas de limpeza e desinfección e a instalación en centros xa existentes de novas tecnoloxías para a limpeza e desinfección de vehículos de transporte de gando. Trátase tamén de financiar a construción de novos centros, respectando sempre os requisitos recollidos na normativa.

O investimento en bioseguridade contribúe ao fortalecemento do sector gandeiro no seu conxunto, xa que aumenta a confianza de socios comerciais, permite unha maior produción e unha mellora da calidade sanitaria das producións, diminúe o risco de entrada de enfermidades nas explotacións e reduce a súa capacidade de difusión. Isto inflúe directamente no produto final que adquiren os consumidores, que conta con maiores garantías no eido da bioseguridade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En Galicia existen un total de 79 centros de limpeza e desinfección de vehículos rexistrados, dos cales 46 están anexos a establecementos, a maioría deles matadoiros, onde se limpan e desinfectan os vehículos que chegan a eles.